

Aquela noite non llo romperon. Pero o día despois apareceu outra vez roto. [...]

Cando Nacho, o camareiro do café Sol, foi coma todos os días recoller o xornal do día, atopouno chorando. Fixo coma se non se decatase e faloulle do frío que ía.

Esa noite Mauro pechou ás nove coma sempre. Volveu de alí a unha hora, entrou no quiosco cun paquete longo e ficou dentro.

O quiosco de Mauro (2)

Ás doce e vinte e sete minutos, xa rematara o programa da televisión e todo o mundo estaba deitado, sentiuse o crebar dun cristal, e deseguido, un estourar que fixo erguerse e prender as luces aos veciños da rúa. Sentíronse tamén berros e o arrincar dun coche.

Cando chegou a policía atopou veciños en bata –aparta muller, non mires. É tremendo– arredor do corpo estricado dun rapaz coa cara desfeita, a beirarrúa zarrapicada de sangue.

–Aínda está aí dentro, coidado que está armado –di un desde un primeiro piso.

–Falen con el primeiro. É boa persoa, queríanlle roubar o quiosco. Xa non sei cantas veces vai que llo asaltan –di un gordo calvo con bata de *boatiné* estampado.

–Ti cala e non te metas, déixaos a eles que saben o seu –dille a muller con bata e rulos.

–Apártense, por favor –os policías mandan a xente para os portais, teñen a pistola desenfundada. O cabo apuntan ao burato escuro do quiosco desde un lado e berra.

–Tire a arma.

Pasa un intre, non oe nada dentro. Logo asoma polo burato a escopeta pola culata e cae na beirarrúa.

–Ben, agora saia coas mans en alto.

Séntese bulir dentro, dous policías coas pistolas montadas á porta lateral. Ábrese e da escuridade sae Mauro puxando nas rodas coas mans, coa cara mollada e chiscando os ollos porque o molesta a luz do farol.

O 127 branco que pasa reduce a marcha para ver a escena ¿Qué pasaría alí? Dous policías apuntando a un tío en cadeira de rodas.

Suso de Toro: *Polaroid*

Vocabulario

• **Estricado:** tombado no chan.

• **Zarrapicada:** participio de *zarrapicar*; saltar un líquido espaxándose en pingas. Salpicar.

Estas dúas partes de «O quiosco de Mauro» preséntanse na obra Polaroid de xeito fragmentado, isto é, unha primeira parte figura na páxina 37, e a segunda na 47, entre unha e outra inclúense outros capítulos distintos («Ligando Buga» e «Chaman á porta (2)») que nada teñen que ver con esta historia.

3.

Pasei a terceira pista, onde estaban os maricas, os ionquis e os camellos, alí podías estar tranquilo sen que ninguén che contase a súa vida. Xa tiña un medio pedal guai, arrimeime contra unha columna para non bancar [...]

Merda, alí estaba o Tomás, ó lado da saída de emerxencia, cago en diola, estaba falando con Xulián, un tipo do meu antigo barrio, onde eu vivira cos meus vellos. Xulián tiña o seu problema coa vea e alimentábaa de trapichear [...].

Tiña unhas olleiras que parecían bolsas de lixo, e os ollos parecía que lle saíran fóra. O resto da cara non existía, era unha masa borrosa que erguía e baixaba. Estivo bombeando de vagar ata que todo o tubo da hipodérmica estivo cheo de sangue. [...] Xulián soltou o torniquete [...].

¿Que tes Xulián?

Merda... tío, doe.

Xulián, carallo, pero ¿que pasa?

O Xulián estaba pálido, non movía os ollos, e unha ringleira de cuspe empezou a pingarlle polo labio. Estaba teso. Caeu primeiro sobre o xeonllo esquerdo, e despois coma se fose un monicreque caeu o resto do corpo dando coa cabeza contra o gardabarros dun todoterreo. Achegueime a el, púxenlle a man no peito, e sentín os derradeiros latexos PUMPUM, PUM, PUMPUM... O tipo estaba fiambre. Era a primeira vez que tiña

un fiambre entre as mans. As pernas empezáronme a tremer, e tiña ganas de vomitar. Sentín de súpeto todo o alcohol que levaba no corpo e quería chorar. [...]

Collín un taxi do que saían catro guiris, e pedínlle ó taxista que me levase a casa [...].

Chegamos a casa, pagueille ó taxista, e cando o vin marchar empecei o xa previsto baile de dedos e chaves que caían e non entraban na pechadura. Subín as esqueiras tropezando nas paredes, entrei na casa e fun ó cuarto de Pili. Estaba deitada na cama lendo un cómic, senteime na cadeira, dobrei o corpo para adiante, puxen a cabeza entre as mans e empecei a chorar.

¿Qué pasa, Luki?

(A escoller polo lector)

–Abrázame.

–Prepárame un colacao ben cargado.

–A vida é unha puta.

–¿Tes algunha botella?

Roque Morteiro: *Seis cordas e un corazón*

Vocabulario

• **Trapichear:** comerciar con droga.

• **Hipodérmica:** relativo á hipoderme, que está debaixo da pel.

Texto escrito nun rexistro coloquial moi próximo á linguaxe urbana da mocidade (vivira cos meus vellos; trapichear; catro guiris) con numerosos eufemismos (bombeando; estaba fiambre). O autor dálle protagonismo ao lector cando lle ofrece a opción de escoller catro finais. Obsérvase que nesta obra diminúe o distanciamento autor-lector e o escritor móstrase como un máis dentro do proceso de creación e recepción da obra.

4.

Sen dubidalo Christina baixa da carroza coa axuda do seu criado e, apenas cun aceno, indica aos seus acompañantes que desaparezan. Probablemente perderanse por Ámsterdam dando voltas e agardando, que non poden ir moi lonxe para estar prestos á chamada da raíña, perdón, de Christina, e non poden andar preto que seica a ela lle anoxa velos diante agora que dá en visitar bruxas, que hai que ver, que sempre foi rara mais isto sobrepasa todos os límites imaxinables.

Hélène está vendo muller empequenecida, que fortuna é caprichosa, e Christina que era todo hai uns poucos días, que tiña moedas co seu rostro gravado, e monumentos co seu nome gravado, e efíxies, e tronos, e salas, e columnas do exército coa mención da súa visita gravada agora é unha muller que apenas sabe ser, unha ermitá, alguén que renunciou a todo para procurar sabedeusque, bo seguro que para procuralo ata fátase, que ela nunca deu mostras de comedimento na administración dos praceres, eh? Hélène está vendo unha muller definitivamente non moi agraciada, con aire de peixe un pouco marimacho, insegura, irascible, unha muller que sempre se sentiu fóra de sitio, como unha árbore chantada en xardín alleo, nun lugar onde non lle corresponde. Hélène tamén está vendo unha muller segura, insubmis, unha muller de armas tomar, que son as que nunca toman as armas, que as armas son elas mesmas, e o cronista fidelísimo desta historia sente que se está repetindo mais non hai que facerlle, que as cousas son así e así hai que contalas. Hélène ve unha muller que está descendo da carroza sen dúbidas e con confianza, mais non arrogante, e que comeza a andar deixando tranquilamente que a lama lle emporque os baixos das enaguas, as saias, os zapatos finos, que ela non se para en miudezas e tráenlle absolutamente sen coidado pitas negras e gatos. Como que ao mesmo Satán que se cruzase con ela polo patio mandaríao a facer roxóns a outra parte... e sen meter ruído.

Hélène mira para a señora da fina estampa con simpatía. Christina mira para esta meiga de Ámsterdam cun sorriso inesperado. A gata escapa do colo de Hélène cun miaño misterioso, e as dúas mulleres entran na casa.

Teresa Moure: *Herba moura*

Este fragmento pertence á obra Herba Moura, gañadora do Premio Xerais 2005. Esta parte preséntanos ás dúas protagonistas: a raíña Christina de Suecia e Hélène Jans, meiga residente en Ámsterdam. Destaca nel o estilo directo, claro, aparentemente coloquial (tráenlle sen coidado pitas negras e gatos) carente de lirismo e sentimentalismo. O narrador, autodefinido como cronista, é omnisciente e crítico co que ve (mais isto sobrepasa todos os límites imaxinables) e consigo mesmo. nunha especie de sobrevaloración irónica na que se sitúa por riba do lector (cronista fidelísimo desta historia sente que se está repetindo mais non hai que facerlle), provocándoo e ríndose das situacións (comeza a andar tranquilamente deixando que a lama lle emporque as saias... / Hélène mira para a señora de fina estampa). A obra está construída con discursos variados como a epístola, o diario, o ensaio e a poesía.